

MEU BEBÉ TEN QUE GATEAR?

A mobilidade antes de camiñar **adquire un amplo abano de opcións**: podemos encontrar o típico **gateo** usando as mans e os xeonllos, outras personas realízanos coas mans e os pés. Tamén hai bebés que se moven arrastrando o cú ou dando saltiños, **reptando** coa barriga polo chan, axudándose dos brazos e as pernas, **xirando** para chegar a onde desexan...

Para outros bebés, **camiñar de pé é** a primeira opción de movemento, podendo incorporar o gateo como estratexia para resolver problemas ou seguir explorando o mundo. Por exemplo, ver que atopa debaixo dunha mesa.

Dada esta variabilidade e a falta de evidencia científica acerca da necesidade do gateo para un desenvolvemento motor adecuado, **NON se considera o gateo unha etapa "obrigada"** para todos os bebés.

Se necesita asesoramento, non dubide consultarnos!!

Referencias bibliográficas

- Kretch KS et al. "Learn the Signs. Act Early.": Updates and Implications for Physical Therapists. *Pediatr Phys Ther.* 2022.
- Sociedad Española de Fisioterapia en pediatría.